

BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDES PARA AS AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso (A Coruña)

Informa: Da apertura do prazo de solicitudes de axudas ao alugamento de vivendas convocadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia.

Contido: Concesión e a renovación das seguintes axudas ao alugamento de vivendas, de conformidade co Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021:

- a) Modalidade A, axuda ao alugamento de vivenda dirixida a sectores de poboación con escasos medios económicos.
- b) Modalidade B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente que sexan menores de 35 anos e con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas.

Contía das axudas:

1. A contía da axuda para a **modalidade A**, axuda ao alugamento de vivenda, será do 40 % da renda. Para as persoas beneficiarias que na data de presentación da solicitude teñan máis de 65 anos, esta axuda será do 50 % da renda mensual
2. A contía da axuda para a modalidade B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, será do 50 % da renda mensual

Prazo de presentación: 30 de xullo de 2018

Para máis información: Departamento de servizos sociais. Rúa do deporte, baixo. Cita previa no teléfono 981 688 950

Normativa: ORDE do 22 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual. (DOG nº 123 do 28/6/2018).

Oroso a 30 de xuño de 2018

O alcalde

Manuel Miras Franqueira

